

ANUNCIO

O día 21/04/21 ditouse a Resolución da Alcaldía núm. 2021-0080 que de seguido se transcribe:

Expediente núm.: 17/2021

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Subvencións Solicitadas a Outra Administración

RESOLUCIÓN

ASUNTO: Corrección erros das Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para a selección de persoal técnico no Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña para executar programas subvencionados de carácter temporal

EXPEDIENTE: 17/2021

ANTECEDENTES:

O día 09/04/2021 por Resolución da Alcaldía núm. 2021-0072 aprobáronse as **Bases reguladoras para a creación dunha bolsa de traballo para a selección de persoal técnico no Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña para executar programas subvencionados de carácter temporal.**

Detectado un erro na base segunda apartado d), requisitos dos aspirantes, donde di:

d) Estar en posesión do título de licenciado, grao universitario ou equivalente en:

- Museoloxía
- Arqueoloxía
- Humanidades
- Historia
- Historia da Arte
- Belas Artes
- Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Debe dicir:

d) Estar en posesión do título de licenciado, grao universitario ou equivalente en:

- Museoloxía
- Arqueoloxía
- Humanidades
- Historia
- Historia da Arte
- Belas Artes
- Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
- Turismo



Detectado un erro na base cuarta, fase oposición donde di:

CUARTA.-FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización dunha proba escrita de carácter teórico sobre a dinamización e divulgación do Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña que será determinada polo tribunal e se desenvolverá nun tempo máximo dunha hora. O Tribunal valorará a destreza, presentación e a correcta execución da proba. A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez (10) puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo para non quedar eliminado/a.

Debe dicir:

CUARTA.-FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización de dúas probas escritas, una de carácter teórico e outra de carácter práctico sobre a dinamización e divulgación do Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña que será determinada polo tribunal e se desenvolverá nun tempo máximo dúas horas. Estas proba servirán para comprobar os coñecementos teórico e prácticos nos campos da xestión de espazos museísticos e patrimoniais. O Tribunal valorará a destreza, presentación e a correcta execución da proba. A proba teórica cualificarase polo tribunal de cero a catro (4) puntos e a práctica cualificarase de cero a seis (6) puntos, sendo preciso acadar a metade de puntuación en cada proba para non quedar eliminado/a.

De conformidade co establecido no artigo 21.1.s da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO**:

Primeiro: modificar a base segunda apartado d), requisitos dos aspirantes, donde di:

d) Estar en posesión do título de licenciado, grao universitario ou equivalente en:

- Museoloxía
- Arqueoloxía
- Humanidades
- Historia
- Historia da Arte
- Belas Artes
- Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Debe dicir:

d) Estar en posesión do título de licenciado, grao universitario ou equivalente en:

- Museoloxía
- Arqueoloxía
- Humanidades



- Historia
- Historia da Arte
- Belas Artes
- Ciencias da Cultura e Difusión Cultural
- Turismo

Segundo: modificar a base cuarta, fase oposición donde di:

CUARTA.-FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización dunha proba escrita de carácter teórico sobre a dinamización e divulgación do Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña que será determinada polo tribunal e se desenvolverá nun tempo máximo dunha hora. O Tribunal valorará a destreza, presentación e a correcta execución da proba. A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez (10) puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo para non quedar eliminado/a.

Debe dicir:

CUARTA.-FASE DE OPOSICIÓN

Consistirá na realización de dúas probas escritas, una de carácter teórico e outra de carácter práctico sobre a dinamización e divulgación do Centro de Interpretación da Revolución Irmandiña que será determinada polo tribunal e se desenvolverá nun tempo máximo dúas horas. Estas probas servirán para comprobar os coñecementos teórico e prácticos nos campos da xestión de espazos museísticos e patrimoniais. O Tribunal valorará a destreza, presentación e a correcta execución da proba. A proba teórica cualificarase polo tribunal de cero a catro (4) puntos e a práctica cualificarase de cero a seis (6) puntos, sendo preciso acadar a metade de puntuación en cada proba para non quedar eliminado/a.

Terceiro: dispoñer que se publique a dita corrección das bases no BOP

Cuarto: publicar o anuncio desta resolución de corrección de erros no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Moeche.

Moeche, (na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras

